

EXPEDIENTE:	<b>PRORROGA TERRAZAS NA CALZADA</b>
PROCEDEMENTO:	PRORROGA DE AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE TERRAZAS EN PRAZAS DE APARCAMENTO

1.- Por Decreto da Alcaldía de data 23 de outubro de 2020, acordouse:

PRIMEIRO.- Autorizar de xeito excepcional, por mor das limitacións derivadas da emerxencia sanitaria e a situación de pandemia, ata como máximo o 5 de abril de 2021 ou con anterioridade, de levantarse as restricións derivadas desta situación epidemiolóxica, a ocupación de prazas de aparcamento na vía pública para instalación de terrazas de hostalería, coas condicións que de seguido se expoñen:

- As solicitudes serán presentadas e valoradas de xeito individual.
- As propostas serán informadas polos técnicos do Servizo de Mobilidade e Seguridade, co fin de valorar a súa afección á ordenación e seguridade da circulación viaria.
- Delimitarase o espazo con elementos de separación, estruturas de pechamento de carácter desmontable lixeiras e carentes de cimentación, debidamente sinalizadas, que cumpran os requisitos de accesibilidade.
- A ocupación se restrinxirá a dúas prazas de aparcamento, como máximo, que poderán ser, no seu caso, prazas de aparcamento regulado.
- As prazas de aparcamento destinadas a carga e descarga soamente poderán ser utilizadas despois do horario destinado a tal fin.
- Non se permitirá a ocupación simultánea da beirarrúa e da calzada. A autorización de ocupación da calzada con terraza determinará a imposibilidade de ocupar con estas instalacións a beirarrúa que deberá quedar expedita para garantir o tránsito peonil sen atrancos, respectando as normas de distanciamento social.
- A vixencia das autorizacións que se concedan corresponderase co período de funcionamento autorizado segundo se determina neste acordo, sen posibilidade de renovación automática contemplada no artigo 6 da Ordenanza de Terrazas e Quioscos de Hostalería.
- As autorizacións poderán ser revocadas nos supostos e circunstancias recollidos no artigo 27 da Ordenanza de Terrazas, ademais de por razóns derivadas da ordenación e seguridade do tráfico.

SEGUNDO.- No suposto de que a terraza a instalar se leve a cabo en viario incluído no ámbito da Cidade Histórica (Plan Especial-1) os elementos de separación a instalar deberán contar co ditame favorable da Comisión Asesora do Patrimonio Histórico.

TERCEIRO.- O resto das condicións e circunstancias que afecten á ocupación e instalación destas terrazas se rexerá polas disposicións contidas na Ordenanza Municipal de Terrazas e Quioscos de Hostalería.

CUARTO.- En todo caso, cumpriranse Ordes da Consellería de Sanidade de 21 de outubro de 2020 e calquera outras que se diten no futuro para facer fronte á situación epidemiolóxica derivada do COVID 19.

CUARTO.- Tendo en conta que a ocupación de prazas de aparcamento pode afectar ás sometidas ó réxime de aparcamento regulado, de conformidade co establecido na Disposición Adicional Primeira da Ordenanza do Sistema de Regulación e Ordenación do Aparcamento O.R.A e Aparcamento de Residentes darase conta á Xunta de Goberno Local das modificación operadas temporalmente no número e disposición destas prazas.

Tendo en conta que está a manterse a situación de emerxencia sanitaria e o estado alarma declarado no seu día.

PRORROGAR o Decreto desta Alcaldía de data 23 de outubro de 2020, polo que se autoriza de xeito excepcional, por mor das limitacións derivadas da emerxencia sanitaria e a situación de pandemia ata o 30 de maio de 2021, a ocupación de prazas de aparcamento na vía pública para instalación de terrazas de hostalería, coas mesmas condicións no seu día aprobadas.